



dende o inefable

XOVES 15 FEBREIRO 2024

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Kari Kriikku, clarinete

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19.45 h

f i a n d o h i s t o r i a s

MIGRACIONES

PROGRAMA

I

KAIJA SAARIAHO (1952-2023)

D'om le vrais sense

L'Ouïe

La Vue

L'Odorat

Le Toucher

Le Goût

A mon seul Désir

II

ERICH WOLFGANG KORNGOLD (1897 - 1957)

Tema e variacións op. 42

KURT WEILL (1900 - 1950)

Sinfonía núm. 2

Sostenuto - Allegro molto

Largo

Allegro vivace - Presto

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, dende 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Baldur Brönnimann

CLARINETE

Kari Kriikku

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de concertino)

Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo

Ildikó Oltai
Victoria Jurov
Roger Beroy***
Joel Doraci***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Enrique Roca
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi

Samira Ajkic
Michael Ryczal
Teresa Barcelona ***
David Poghosyan ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Ignacio Marino
Gema Gallardo ***
Josep Ruiz ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Thomas Piel
Carlos García
Manuel Lorenzo
Jordi Villanueva ***
Emilio Ubach ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Juan Cañada (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto

ÓBOES

Christina Dominik *
Sergio Rodríguez ***

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino
Assunção (R)
Víctor Lardiés ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *
Pablo de Miguel ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBONES

Arturo Centelles (R)
Juan Luis Novo (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Diego Ventoso (R)
Marta Prado (R)
M^a Isabel Diego (R)
Iker Iriondo ***

PIANO/CELESTA

Haruna Takebe (R)

ARPA

Bleuenn Le Fricc (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Baldur Brönnimann

Director

Director musical e artístico da Real Filharmonía de Galicia. Naceu en Suíza e reside en Madrid dende hai máis de 13 anos. Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre 2014 e 2020 foi director

principal da Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquesta onde dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas últimas tempadas converteuse nun director moi demandado, e dirixiu a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Barcelona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a Komische Oper Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de John Adams* de Klinghoffer na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.

BIOGRAFÍAS

Kari Kriikku Solista invitado

Segundo The New Yorker, non é raro que este artista consumado poña en pé o seu público, aínda que o repertorio, ou o propio Kari Kriikku, sexa escoitado por primeira vez. Un campión da música contemporánea, Kari Kriikku é coñecido pola súa interpretación de novas e virtuosas obras de clarinete escritas para el por compositores como Michel van der Aa, Unsuk Chin, Magnus Lindberg, Kimmo Hakola, Kaija Saariaho e Jukka Tiensuu.

Os seus próximos compromisos da tempada 2023/2024 inclúen as actuacións do concerto de Saariaho *D'om le vrai sens* coa Real Filharmonía de Galicia xunto con Baldur Brönnimann. Kriikku tamén regresa á Orquestra Sinfónica de Oulu baixo a batuta de John Storgårds para a interpretación do concerto para clarinete *Missa* de Jukka Tiensuu. Outras actuacións de Jukka Tiensuu inclúen *Puro* para clarinete e orquestra coa Kuopio Symphony Orchestra e Daniel Raiskin, estes dous concertos de Tiensuu foron escritos para Kari Kriikku en 2007 e 1989 respectivamente.

Entre outros traballos novos que estreou Kriikku destacan o *Concerto para clarinete* de Unsuk Chin (2014), que interpretou coa Orquestra Sinfónica de Gothenburg e Kent Nagano, a Filharmónica de Nova York con Alan Gilbert, a Orquestra Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya e a Orquestra Filharmónica de Londres con Nicholas Collon. Ademais das actuacións coa BBC Scottish Symphony Orchestra, Malmö Symphony Orchestra e Ilan Volkov, Finnish Radio Symphony Orchestra con Jukka-Pekka Saraste, no Concertgebouw de Amsterdam coa Netherlands Radio Philharmonic Orchestra baixo a batuta de Xian Zhang, e coa NDR Elbphilharmonie Orchestre con Stefan Asbury.

D'om le vrai sens de Kaija Saariaho foi estreada coa Finnish Radio Symphony Orchestra e Sakari Oramo, e dende entón foi interpretada coa New York Philharmonic e a Orchestre Philharmonique de Radio France con Esa-Pekka Salonen, Gewandhausorchester Leipzig con Vladimir Jurowski, BBC Symphony Orchestra con David Robertson, Netherlands Radio Philharmonic con Olari Elts, RTÉ National Symphony Orchestra en

Dublín con Ilan Volkov, e Vancouver Symphony Orchestra con Otto Tausk.

Outros aspectos destacados inclúen a interpretación do vibrante concerto de Kimmo Hakola coa Royal Stockholm Philharmonic, a WDR Sinfonieorchester Köln, a Indianapolis Symphony Orchestra, a Singapore Symphony Orchestra, a Seoul Philharmonic Orchestra e a New Zealand Symphony Orchestra, e o concerto de Magnus Lindberg cunha estrea espectacular na BBC Proms do 2007 coa BBC Symphony Orchestra de Londres e con Semyon Bychkov, ademais de actuacións coa New York Philharmonic, Los Ángeles Philharmonic no Hollywood Bowl, etc. Mentres tanto, o enxeñoso programa Bizarre Bazaar de Kriikku, como homenaxe ao repertorio para clarinete máis exótico e menos coñecido, chamou a atención en Finlandia e en todo o mundo.

Kriikku gravou a maioría destes traballos para Ondine, incluíndo *Missa* de Jukka Tiensuu coa Helsinki Philharmonic Orchestra e John Storgårds. A gravación do *Concerto para clarinete* de Lindberg foi nomeada nos Premios Gramophone

de 2006 e o novo traballo de Saariaho coa Finnish Radio Symphony Orchestra e Sakari Oramo gañou o Premio do Xurado nos BBC Music Magazine Awards de 2013.

A inventiva musical de Kari Kriikku e a súa frescura nas interpretacións tradicionais destacan tanto na súa faceta de solista e comisario así como na de director artístico do seu ensemble de cámara, Avanti!, recoñecido no 2009 cando Kriikku recibiu o prestixioso Nordic Council Music Prize. Kari Kriikku formou parte do xurado do 68º ARD International Music Competition, na categoría de clarinete, en Múnic en setembro de 2019.

NOTAS AO PROGRAMA

Dende o inefable

Dende o inefable é o título do concerto desta noite da Real Filharmonía de Galicia onde teremos ocasión de escoitar obras de autoras e autores cuxas traxectorias vitais presentan bastantes puntos en común: sufriron o rexeitamento por motivos variados como as cuestións de xénero, a súa relixión ou ideas políticas e nos seus catálogos convive a música de concerto xunto a outra de corte máis escénico (ópera, musicais e cine). As tres obras que figuran no programa pertencen á primeira categoría e son todas elas xéneros do repertorio para orquestra: un concerto solista para clarinete, un tema e variacións e unha sinfonía.

Abre o concerto a compositora finlandesa Kaija Saariaho (1952-2023), falecida en xuño do pasado ano. Trátase dunha autora moi versátil que traballou diversos xéneros como a música de cámara, a orquestral, óperas, oratorios, música vocal e electroacústica. Iniciouse na composición aos 23 anos de idade formándose nun principio na Academia Sibelius de Helsinki, onde tivo algunhas trabas pola súa condición de muller, para logo proseguir no IRCAM (Instituto de investigación e coordinación

acústica e musical) de París, cidade na que se instalou e viviu toda a súa carreira posterior. Nas súas obras mestura habitualmente instrumentación clásica, elementos sonoros sintéticos e tamén fenómenos da natureza gravados, procesados e logo combinados. No ano 2000 saltou á fama ca súa primeira ópera *L'Amour de loin* que a situou na vangarda europea. Esta noite escoitaremos *D'om le vrais sense*, unha especie de concerto para clarinete e orquestra composto en 2010 e dedicado a Kari Kriikku, o solista que hoxe nos acompaña, quen colaborou estreitamente con Saariaho no proceso de elaboración. A obra rompe ca idea tradicional dun concerto dividido en tres movementos e co solista tocando diante da orquestra. A propia autora recoñecía a este respecto: “sempre escribín como pensei que tiña que escribir. A miña imaxinación non funciona con formas prefixadas como moldes para facer un pastel”. A inspiración para *D'om le vrais sense* foi unha serie de tapices medievais titulado *A dama e o unicornio* (ca. 1500) que representan de maneira alegórica e simbólica os cinco sentidos mais un sexto. De igual xeito a obra divídese en 6 movementos nos que o clarinetista, que representa o unicornio, vaise movendo polo espazo nunha

clara indagación acústica moi propia do gusto de Saariaho (a partitura contén indicacións concretas sobre como este debe proceder). No primeiro, *L'Ouïe* (o oído) a calma do clima xerado pola orquestra é interrompida por unha chamada do clarinete que se atopa nalgún lugar dende onde o podemos escoitar pero non ver. Seguidamente, en *La Vue* (a vista), o clarinetista vaise aproximando ao escenario e propón motivos musicais que son tomados pola orquestra e desenvolvidos. O terceiro leva por título *L'Odorat* (o olor) e nel o instrumentista sitúase sobre unha tarima detrás da orquestra. A harmonía, concibida como cor, xoga aquí un papel fundamental. O clarinete fúndese paulatinamente na orquestra e o seu motivo transfórmase e vaise pasando dun instrumento a outro. A continuación, *Le Toucher* (o tacto) é unha especie de diálogo entre a orquestra e o solista que por primeira vez se vai situar na posición “convencional”. Trátase dun movemento moi animado e virtuoso. O quinto movemento, *Le Goût* (o gusto) está dominado por trémolos e trinos que o clarinete proporciona dende o medio á orquestra que o rodea. O último leva un título ben suxestivo, *A mon seul Désir* (o meu único desexo) e nel en palabras da propia Saariaho

a música entra nunha nova dimensión reducíndose aos movementos máis ascéticos. O clarinete, fronte á orquestra, abandona o escenario, podendo tamén facelo os violíns segundo se indica na súa partitura.

A segunda obra que escoitaremos é *Tema e variacións Op. 42* de Erich Wolfgang Korngold (1897-1957). Considerado polo nazismo como “músico dexenerado” ao igual que Kurt Weill, naceu en Berno (actualmente República Checa e daquela parte do Imperio Austrohúngaro) e morreu nos Estados Unidos (a onde se trasladou en 1938), na cidade de Os Ánxeles sumido nunha forte depresión motivada pola súa caída no esquecemento. Considerado un neno prodixio, estudou con Zelinsky e as súas primeiras obras compositivas foron moi aclamadas por autores como Richard Strauss e Gustav Mahler. A súa traxectoria compositiva pode dividirse en tres etapas ben definidas: unha primeira, nos anos 20, centrada no mundo operístico con títulos como *Die tote Stadt* —considerada hoxe en día unha das óperas máis importantes do s. XX— ou *Das Wunder der Heliane*; a segunda, que se inicia en 1934 cando comeza a colaborar coa industria cinematográfica de Hollywood, chegando a gañar dous premios Oscar coas bandas sonoras de *Anthony Adverse*

NOTAS AO PROGRAMA

(1936) e *Robin Hood* (1938); e a última, despois de acabar a Segunda Guerra Mundial, focalizada na música de concerto, na que escribe sinfonías e concertos para violín e violonchelo. *Tema e variacións Op. 42*, composta en 1953, é unha obra de madurez —de feito é o seu penúltimo traballo— e está dedicada ás orquestras de estudantes americanas, polo que na súa escritura tivo en conta as limitacións técnicas dos músicos en período de formación. Foi estreada pola Inglewood Symphony Orchestra o 22 de novembro dese mesmo ano dirixidos por Erns Gebert en Os Ánxeles. A partitura da comezo cun tema composto pola autora ao que engadiu a indicación “tocar como se fose un tema popular irlandés”. Séguenlle sete breves variacións onde esta melodía é transformada mediante distintos procedementos (rítmicos, harmónicos...) como é habitual neste tipo de forma musical.

A última obra programada é a *Sinfonía núm.2* de Kurt Weill (1900-1950). Orixinario da cidade xermánica de Dessau, estudou na Musikhochschule de Berlín e a partir de 1921 na Akademie der Künste con Busoni, quen mediaría coa editorial musical Universal Edition de Viena para publicar as súas

primeiras obras. Dos anos iniciais da súa carreira son as colaboracións co famoso dramaturgo Bertold Brecht co que tería un relación profesional complexa e cargada de altibaixos. Sen dúbida o traballo interdisciplinario máis coñecido destes dous xenios foi *Die Dreigroschenoper* (*Ópera dos tres peniques*) dun claro sabor crítico contra a sociedade burguesa. O espírito antisistema de Weill e as súas raíces xudías ocasionáronlle problemas dende os inicios do nazismo, polo que se veu obrigado a fuxir. Primeiramente, viaxou a París en marzo de 1933, despois de que en febreiro os nazis suspenderan todas as liberdades, e a partir de 1935, estableceuse definitivamente en Estados Unidos, onde dá comezo unha carreira cargada de éxitos en Broadway. A sinfonía que escoitaremos hoxe, dedicada ao príncipe Edmond de Polígnac, foi comezada nos últimos momentos en Berlín e os seus bosquexos foron das poucas pertenzas cas que o autor fuxiu a París, onde a completou. O 11 de outubro de 1934 estreouse en Amsterdam coa orquestra da Concertgebouw dirixida polo mestre Bruno Walter e tivo unha calorosa acollida entre o público, non tanto así entre algúns críticos contrarios ás ideas de Weill. O compositor estaba moi satisfeito

desta sinfonía e nunha carta á súa muller a propósito da estrea recoñecía: "Walter é marabilloso e todo o mundo está realmente entusiasmado. É unha boa peza e soa fantástica". En 1937 tocouse en Viena e logo desapareceu durante tres décadas da esfera pública sendo re-estreada en Londres en 1966, e en Berlín non se interpretou ata 1975. Actualmente segue a ser inxustamente tratada e permanece sendo esquecida das programacións habituais. A obra, única peza puramente orquestral da súa etapa de madurez, está dividida en tres movementos: *Sostenuto*, *Allegro molto*, *Largo* e *Allegro Vivace*. Nela é evidente a permeabilidade existente entre a música de concerto do autor e as súas pezas escénicas (musicais) xa que por un lado, atopamos trazos sinfónicos herdeiros da tradición sinfónica como a relación temática entre movementos, e por outro, un tratamento melódico e harmónico próximo á súa música máis popular. A sinfonía desprende unha mestura dun ton sombrío e á vez mordaz que moitos estudosos da figura de Weill relacionan co seu descontento político no momento no que esta obra veu a luz. O primeiro movemento, *Sostenuto*. *Allegro Molto* comeza cunha introdución lenta cun destacado solo de trompeta no que é unha especie

de marcha fúnebre que dá paso ao *Allegro* en forma sonata cas súas tres seccións: exposición, desenvolvemento e recapitulación (nesta última incorpórase un episodio contrastante nas madeiras que non aparece na exposición). O *Largo*, presenta un carácter desolado e tráxico e o seu tema principal é tamén unha marcha fúnebre que transforma o tema do primeiro movemento. A continuación, unha segunda idea musical interpretada polo trombón e de seguido polo violín. O movemento remata retomando o inicio do mesmo. O terceiro, *Allegro Vivace*, é un rondó onde se suceden aires de danza e no final volve a sonar o tema da marcha fúnebre que xa aparecía nos movementos anteriores, pero agora transformado de maneira caricaturesca nunha tarantela.

Desfrutemos pois deste *inefable* programa en todos os sentidos da palabra: tres obras de carácter sublime, xenial e marabilloso e tamén, no caso dos traballos de Weill e Korngold, dous exemplos da chamada música pura, é dicir, simplemente estruturas sen ningún tipo de referente extra-musical e polo tanto inenarrables e impronunciáveis, que non se poden expresar con palabras.

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

territorios da entropía

XOVES 22 FEBREIRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Sebastian Zinca

Sala Mozart, 19:45 h

Sebastian Zinca, director

Judith Jáuregui, piano

- Inés Badalo: Entropía
- Manuel de Falla: Noches en los jardines de España (orq. Bética)
- Juan Crisóstomo Arriaga: Sinfonía en Re